

PALABRAS E COMIDAS NO ATLAS LINGÜÍSTICO DE LA PENÍNSULA IBÉRICA: A PARVA E O ALMORZO*

Xulio Sousa

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela
xulio.sousa@usc.es

INTRODUCIÓN

A variación lingüística é un concepto complexo que envolve moitos factores (tempo, espazo, sociedade, estilo, etc.) e atangue de maneira xeral a todas as esferas dos sistemas que constitúen as linguas. Do conxunto de niveis lingüísticos, con certeza é o léxico aquel en que mellor se evidencia a complexidade dos feitos sociolingüísticos. Dentro do léxico as palabras referidas ás comidas diárias constitúen unha variable excepcional para observar o xeito en que os factores sociais e lingüísticos se ven interconectados. A variación neste ámbito léxico foi abordada pola sociolingüística variacionista para moitas linguas, especialmente para as europeas, e ademais é un tema tratado con frecuencia desde perspectivas non académicas polo seu atractivo para o público xeral (JANKOWSKI; TAGLIAMONTE, 2019; GRATALOUP, 2017).

*Este traballo é resultado derivado do proyecto de investigación Variación e cambio nos dominios galego e portugués no século XX (FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación - PGC2018-095077-B-C44)..

Nas sociedades occidentais producíronse entre os séculos XIX e XX unha serie de cambios de especial relevancia que acabaron tendo o seu reflexo nas denominacións das comidas do día. A industrialización e a migración da poboación para as áreas urbanas tivo unha repercusión directa sobre os hábitos diarios das sociedades. Para unha parte cada vez máis relevante da poboación os tempos de traballo e descanso deixaron de estar determinados polas horas de sol e pasaron a rexerse polas obrigas de producción; simultaneamente, os costumes domésticos da burguesía urbana comezaron a facerse comúns no resto das clases sociais. O estudosor francés Christian Grataloup (2017), especialista en xeohistoria, defende que entre as comidas do día o almorzo é a que mellor dá conta das transformacións sucedidas nas sociedades e economías mundiais nos tempos modernos. Nos países de cultura occidental o almorzo baséase hoxe no consumo de catro produtos de orixe tropical (café, té, chocolate e azucré) que evidencian o proceso de mestizaxe alimentaria e as consecuencias dos cambios sociais, demográficos, comerciais e culturais dos últimos séculos. O consumo das tres bebidas do almorzo comezou como hábito distinguido das clases podentes europeas, tardou tempo en facerse común e popular, pero acabou mesmo por determinar as denominacións da comida da mañá, como no portugués do Brasil actual *café-da-manhã*, no turco *kahvaltı* ‘despois do café (lit.)’ e no alemán dalgunhas áreas *Kaffeetrinken* ‘tomar un café (lit.)’.

Nas sociedades occidentais o almorzo foi a comida do día que máis condicionada se viu polas modificacións que supuxeron os cambios das xornadas de traballo. A pesar de que aínda hoxe o horario de comidas varía segundo o país e a cultura, desde finais do século XIX estendeuse unha organización das comidas condicionada polos horarios laborais que algúns estudosos

interpretan como a extensión dun uso adoptado tempos atrás pola aristocracia e a burguesía urbana (POULAIN, 2012).

Nas seguintes páxinas ofrezo unha revisión e comentario da información recollida nos materiais do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) no dominio galego sobre as primeiras comidas do día, as realizadas antes da colación principal do mediodía. Este breve traballo é unha primeira aproximación ó estudo dos materiais etnolingüísticos incluídos nesta monumental obra e serve como mostra do valor da información contida nela.

DOMINIO ESTUDADO E MATERIAIS ETNOLINGÜÍSTICOS

A información empregada neste traballo forma parte dos materiais recollidos no dominio galego para o proxecto do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*. Os traballos de campo deste proxecto iniciáronse a principios da década de 1930 coa finalidade de documentar con rigor a variación rexional das variedades románicas na península ibérica. Segundo o director do ALPI, o obxectivo era “recoger el material necesario para ofrecer una representación de la lengua popular hablada en pueblos menores y antiguos por personas iletradas o de escasa cultura, entre los cuarenta y los sesenta años de edad” (NAVARRO TOMÁS, 1975, p. 9).

Ademais a investigación “no se limitaría a la parte de España de lengua castellana, sino que abarcaría toda la unidad románica de la Península” (NAVARRO TOMÁS, 1975, p. 9). En consecuencia, o ALPI converteuse nun *mapa lingüístico*, empregando palabras do seu impulsor, das variedades derivadas do latín ó sur do Pireneos.


A área de fala galega estaba contida nun dos tres grandes dominios considerados polos investigadores, a zona denominada galego-portuguesa (NAVARRO TOMÁS, 1975, p. 10), limitada ó leste pola isoglosa que sinalaba os límites da ditongación de ē

e ë tónicos latinos, de acordo coa variable de fonética histórica que Menéndez Pidal consideraba primordial para a articulación lingüística da península (MENÉNDEZ PIDAL, 1908; FERNÁNDEZ-ORDÓÑEZ, 2006)¹; o límite sur márcalo a fronteira política con Portugal. Seguindo esta demarcación, o dominio galego comprende 62 puntos: 53 localidades situadas en Galicia, 5 en Asturias, 2 en León e 2 en Zamora² (Figura 1). No mapa de localidades enquistas do ALPI apréciase que no terzo norte da península a rede é máis densa ca no resto do territorio (SOUSA, 2022). Os investigadores do proxecto recoñeceron que esta distribución desigual pretendía ser “más tupida en las zonas de más intensa diversidad dialectal, como Asturias, que en regiones de mayor nivelación lingüística, como el centro de Castilla” (NAVARRO TOMÁS *et al.*, 1962, p. 8). O dominio galego viuse beneficiado por este principio, polo que a cantidade de puntos de enquisa por quilómetro cadrado é máis alta ca no resto do territorio.

¹ Menéndez Pidal, impulsor do proxecto, consideraba que tanto no leste como no oeste da península os límites entre español e outras linguas non están delimitados por una única isoglosa “sino varias que corresponden a los lindes de diversos fenómenos fonéticos y morfológicos, y esas líneas, lejos de seguir poco más ó menos una misma dirección, toman muy diversos rumbos y se entrecruzan de caprichosas maneras” (MENÉNDEZ PIDAL, 1908, p. 343). Na mesma obra, o autor considera que a ditongación de ē e õ latinos pode tomarse como “base del deslinde” das zonas lingüísticas peninsulares.

² As localidades galegas están numeradas do 100 ó 151; as asturianas son 300, 301, 302, 303 e 323; as leonesas 324 e 333; e as zamoranas 340 e 341.

Figura 1: Área das localidades de fala galega no ALPI, mapa 6. A liña de raias e puntos que parte do punto 302 sinala os límites do dominio dos romances occidentais (NAVARRO TOMÁS *et al.*, 1962).



Na área galega os lugares escollidos foron visitados polos enquiskadores nos anos anteriores á guerra civil española³. Os investigadores encargados desta zona foron o galego Aníbal Otero (para a maioría doas localidades de Galicia e Zamora), o asturiano Lorenzo Rodríguez Castellano (para lugares de Asturias e León) e o estadounidense de orixe mexicana Aurelio Macedonio Espinosa Jr. (para puntos en Ourense, Zamora, León e Asturias).

³ En Galicia o traballo de campo realizouse entre xullo de 1934 e decembro de 1935. En Asturias o punto 303 (Boal) investigouse en 1932 e o resto na segunda metade de 1947. Os puntos correspondentes ós códigos 324 (Puente de Rey) e 340 (Padornelo) visitáronse en 1934. Nos cadernos de enquisa non figuran datas precisas para 333 (Castroquilame) e 341 (Hermisende).

As enquisas do ALPI realizáronse empregando dous tipos de cadernos, un con cuestiós de interese fonético, morfolóxico e sintáctico (caderno I, 411 preguntas) e outro con preguntas de léxico e etnografía (caderno II, 833 preguntas); deste último existían dúas versións (II-E e II-G). O cuestionario do ALPI fora deseñado tendo como base os proxectos do *Atlas Linguistique de la France* de Jules Gilliéron e do *Sprach- und Sachatlas Italiens und der Südschweiz* de Karl Jaberg e Jakob Jud.

O proxecto do ALPI desenvolveuse nos principios da dialectoloxía europea tradicional, de acordo cos criterios dos primeiros atlas do século XX e do método *Wörter und Sachen*. No ámbito do léxico o atlas consideraba cada palabra “en relación con las cosas a las que se refiere, teniendo en cuenta el medio y buscando en los referentes la explicación de la palabra” (GARCÍA MOUTON, 1987, p. 49).

O interese por estudar as linguas como obxectos vivos supoña atender tanto ás formas das voces como ós aspectos culturais que axudaban a comprender o seu uso e significado. Os lingüistas suízos Karl Jaberg e Jakob Jud foron pioneiros na aplicación en Europa destes principios na investigación xeolingüística que supoñían un achegamento estreito entre etnografía e dialectoloxía (ÁGUILA ESCOBAR, 2006). O *Sprach- und Sachatlas Italiens und der Südschweiz* (AIS) inaugura a segunda época da xeografía lingüística europea, na que os atlas pasan a apelidarse de *lingüístico-etnográficos*. O ALPI pode considerarse unha obra nesta tradición. Navarro Tomás recoñece a débeda co atlas ítalo-suízo na organización do cuestionario:

Para la sección de léxico resultó de gran ayuda el Atlas italo-suizo de Jaberg y Jud, cuyos volúmenes empezaron a aparecer por esa fecha. Adoptamos su organización por temas etnográficos siguiendo el orden de fenómenos atmosféricos, accidentes geográficos, flora, fauna, cuerpo

humano, familia, hogar, labores agrícolas, oficios artesanos, herramientas, animales domésticos, etc. Sobre esta base el ALPI hubiera podido llamarse *Atlas lingüístico y etnográfico*, como de hecho lo es, aunque no pareciera indispensable indicarlo en el título" (NAVARRO TOMÁS, 1975, p. 12-13).

No caderno II do ALPI figuran preguntas incluídas para rexistrar información complementaria ás denominacións para conceptos e realidades da vida local. Ó preguntar por elementos do mundo tradicional, recolléronse os nomes e tamén información sobre a súa forma (562 *Forma y nombre del pesebre*, 663 *Esquema de la planta y nombre y uso de sus habitaciones*, 677 *Forma de los techos*), o seu uso e función (693a *Vajilla para comer*, 577f *Manera de descuartizar el cerdo*) e costumes e crenzas relacionadas (426d *Significación que se les atribuye* [precedida de 426c *Rojeces de la salida y puesta del sol*]).

Na relación de cuestiós sobre a vida doméstica inclúese unha que ilustra a utilidade destes materiais para indagar sobre a cultura, a vida e os costumes das sociedades rurais das primeiras décadas do século pasado. As respuestas á cuestión 695a *Nombres y substancia de las comidas más comunes* permiten coñecer o número de comidas realizadas durante a xornada, a distribución horaria e tamén os alimentos que formaban parte da dieta común (Táboa 1). Os datos recollidos para esta pregunta serven para examinar os costumes alimentarios das sociedades rurais de principios do século XX e para indagar os cambios nas denominacións das comidas do día que se foron producindo nas variedades lingüísticas peninsulares ata a actualidade. No AIS encóntrase o precedente deste interese por investigar este ámbito léxico. Nos mapas 1028 (*la prima colazione*), 1029 (*la colazione; far colazione, verso mezzogiorno*), 1030 (*la merenda*) e 1031 (*la cena; cenare*) dos volumes publicados, que poden consultarse no NavigAIS (TISATO, 2009-2020), ofréncense as denominacións das distintas comidas

do día e indicación dos alimentos e bebidas que era común tomar (JABERG; JUD, 1928-1940). Nos atlas posteriores ó ALPI realizados na península ibérica tamén se incluíron preguntas semellantes.

Táboa 1. Exemplo de respuestas á pregunta 695a (*Nombres y substancia de las comidas más comunes*) en Maceda (144), provincia de Ourense.

DENOMINACIÓN	COMPOSICIÓN
<i>parva</i>	pan ou castañas
<i>almorzo</i>	papas, sopas ou castañas
<i>xantar</i>	caldo, compango; carne e pan ou leite
<i>merenda</i>	carne, pan e unha pinga (viño)
<i>cea</i>	caldo e pan


AS COMIDAS DA MAÑÁ

Alimentarse é unha necesidade biolóxica que para as sociedades más antigas estaba rexida polo apetito e polas posibilidades de acceder a alimentos. Na actualidade as comidas diarias, ademais de satisfacer esta necesidade, forman parte dese conxunto de ritos sociais presentes en todas as culturas. Os estudos dos hábitos alimentarios ó longo da historia sinalan que a maioría da poboación iniciaba o día tomado un almorzo simple que servía tanto para estimular o estómago para o resto das comidas do día como para nutrirse no inicio da xornada (ANDERSON, 2013). A primeira comida do día é a que rompe o longo período nocturno de xaxún (de aí o fr. *déjeuner* e o esp. *desayunar*) e mostra poucas diferenzas entre as culturas europeas occidentais. Mesmo nos nosos días, boa parte da poboación mundial comeza o día tomando un líquido quente (té, café, sopa) e algúns tipo de cereal. Nas sociedades agrarias europeas ata o século XVIII a composición xeral da primeira comida era unha codela de pan acompañada

de sopa oualgún líquido, comunmente unha bebida alcohólica (FLANDRIN, 1993; GRATALOUP, 2017).

O almorzo é unha das comidas diárias sobre a que temos menos información nos traballos de historiadores e etnógrafos. Por outra parte, na literatura e na documentación histórica encontramos datos que nos permiten rastrexar os costumes alimentarios das clases acomodadas, pero resulta moito más difícil atopar fontes e testemuños históricos cos que facer un seguimento dos hábitos da clases desfavorecidas na Europa occidental anterior ó século XX (MATS, 1993). A partir da información que ofrecen os materiais do ALPI descóbreste que no dominio correspondente ás sesenta e dúas localidades analizadas os entrevistados declaran distinguir entre dúas comidas anteriores á comida principal do mediodía: a *parva* e o *almorzo* (Figura 2).

Figura 2. Mapa de distribución das respuestas á pregunta 695a do ALPI.



A *parva*

De acordo cos materiais do ALPI, a primeira comida realizada no inicio da xornada recibe na maioría das localidades a denominación de *parva* ['parβa]. Esta reposta recolleuse en 48 lugares das sete provincias do dominio; en Padornelo, provincia de Zamora, a resposta rexistrouse no sintagma *toma-la parva*. A voz ten orixe no latín REFACTIO PARVA, co significado de ‘comida lixeira, pequena’ (COROMINAS; PASCUAL, 1987, s.v. *parva*) e conta con descendentes en todos os romances peninsulares e nos falados no continente americano. En galego os dicionarios dan como significado máis común ‘comida lixeira composta comunmente por unha copa de augardente e unha codela de pan’ e sinalan que se emprega tamén como sinónimo xeral de *almorzo* (SANTAMARINA, 2006)⁴. A palabra *parva* usouse tamén en distintos lugares de Galicia para unha comida de pouca consistencia (pan, queixo e viño ou augardente) e de agradecemento que se ofrecía ós asistentes a un enterro (CASTRO, 1998) ou ó clero cando oficiaba algúun acto relixioso (RODRÍGUEZ BAIXERAS, 2018).

As anotacións nos cadernos do ALPI indican que a *parva* se tomaba despois de erguerse da cama e sempre antes do almorzo, a primeira hora do día (entre as 7 e as 9 da mañá). Os informantes apuntan que esta primeira colación se fai ‘para prepararse para pasar camiño’ (Abegondo) ou cando se sae ‘para o monte e non hai tempo para tomar o almorzo’ (Bueu). En lugares de Ourense (O Irixo e Vilamarín) rexístrase que a *parva* se toma principalmente en tempo de corentena e en varios lugares apúntase que era más común tomar a *parva* no verán, cando os días tiñan máis horas de sol e os traballos agrícolas precisaban máis dedicación.

⁴ En asturiano ten valor semellante e existe o verbo correspondente, *parvar* ou *parvear* ‘tomar la parva’, ‘tomar un poco de alimento, especialmente por la mañana’ (GARCÍA ARIAS, 2004-2022).

A composición máis estendida era un cacho de pan (de trigo ou boroa) habitualmente acompañado dunha copa ou vaso dunha bebida alcohólica que acostumaba ser augardente e máis raramente viño ou anís. Algúns informantes sinalan que a parva era unha caste de almorzo composto por restos do xantar ou da cea do día anterior (patacas, castañas cocidas acompañadas de caldo ou de leite). No occidente de Asturias (Boal) tomar a parva supoñía beber un café con leite, unha modernidade para aqueles tempos dado que non se encontra rexistrada en ningunha outra localidade; este rexistro dá conta de que o consumo de café pola mañá estaba áinda restrinxido ás zonas urbanas e ás clases con máis recursos (GRATALOU, 2017).

En dúas localidades da provincia da Coruña recolleuse que a *parva* era tomada como merenda (despois do xantar e antes da cea) e elaborábase na tixola fritindo unhas talladas de carne de porco mesturadas cunha masa de millo ou trigo.

O *almorzo*

O substantivo *almorzo* ([al'morθo], [al'mɔrθo], [al'morṣo], [al'morso]) e o verbo *almorzar* ([almor'θar]) aparecen rexistrados en 46 localidades do dominio, tanto en Galicia como nas áreas das provincias de Oviedo, León e Zamora. A voz *almorzo* ten para Corominas a súa orixe nun derivado do lat. ADMORDĒRE ('morder lixeiramente', 'empezar a comer algo'), que deu lugar no latín vulgar ó substantivo *ADMORDIUM 'almorzo' e ó verbo *ADMORDIARE, empregados co significado de tomar unha comida lixeira, especialmente na primeira parte do día (COROMINAS; PASCUAL, 1987, s.v. *almuerzo*). Este valor semellaba estar xa presente no latín, a pesar de que a denominación común para a primeira comida do día, na variedade clásica, foi durante tempo PRANDIUM. Con todo, non existe acordo absoluto sobre a orixe e evolución

fonética de *almorzo* e os seus cognados (MALKIEL, 1982). Nalgúns traballos suxírese a posibilidade de que estas voces resultasen dun cruce entre un derivado latino de MORDĒRE e unha forma vinculada co celta *ambosta ‘porción de algo que cabe nas mans’. Menos fiables semellan as explicacións que vinculan o substantivo *almorzo* co resultado dun cruzamento entre un determinante árabe (*al-*) e unha forma derivada do latín MORSUM ‘mordisco’. Sexa cal fora a orixe da voz, hoxe encóntranse cognados de *almorzo* en todos os romances peninsulares (gal. *almorzo* e *almorzar*, port. *almoço* e *almoçar*, esp. *almuerzo* e *almorzar* e cat. *esmorzar* e *esmorzada*) e con significacións derivadas da orixinaria referida á primeira comida do día. En catalán e galego modernos as voces conservan o valor orixinario de primeira comida do día, mentres que en portugués e español peninsulares o valor modifíouse e na significación inicial foron substituídos por novas creacións (*pequeno almoço, desayuno*).

En galego moderno o *almorzo* é de xeito xeral a comida que se toma pola mañá antes da principal (SANTAMARINA, 2006). Describese como unha comida sinxela tanto en calidade como en cantidade, habitualmente composta na súa forma más tradicional por unha cunca de caldo, de leite ou ben unhas papas de fariña, e que se tomaba ben antes de saír da casa para o traballo como xa no campo despois de iniciados os primeiros labores (RODRÍGUEZ BAIXERAS, 2018).

Nos materiais do ALPI o *almorzo* figura como comida posterior á *parva* ou ben como primeira e única comida da mañá. Aínda que nuns poucos lugares se dá como sinónimo da *parva* e se describe do mesmo xeito ('unha copa e un cacho de pan'), de xeito recorrente é comida máis consistente e de maior calidade nutritiva. Na maioría dos lugares o almorzo consistía nunha cunca de caldo do día anterior. Non se ofrece moito detalle sobre a composición

deste *caldo*, pero nalgúns lugares indícase que estaba composto de patacas, verzas, fabas e graxa; máis raro é que figurase algúun tipo de carne. Nas localidades asturianas este caldo descríbese como unha *potaxe* de patacas, fabas e rabizas ('follas tenras nos nabos') que en ocasións se acompaña de unto. O segundo prato más frecuente no almorzo é a *sopa*. A diferenza do caldo, esta sopa non levaba ningún tipo de verdura e compoñíase esencialmente de auga, leite e pan ou patacas (*cachos* ou *cachelos*). A esta mestura de dous líquidos dáselle o nome de *auga branca* ou *caldo de leite*, nuns poucos lugares. A sopa podía ter como base unicamente auga aderezada con azucré, pemento vermello en po, manteiga, aceite ou nata. En Lubián, na provincia de Zamora, a sopa era un prato más completo e calórico composto por fideos ou pan, touciño e chourizo. Unha variante da sopa eran as *papas*, elaboradas con fariña de millo, de centeo, pan e leite ou simplemente con leite e pan migado. Os informantes de varias localidades describen un almorzo que semella estar composto esencialmente por alimentos sobrantes do xantar ou da cea do día anterior: patacas cocidas con algúun compango que varía segundo os lugares (carne, peixe frito, sardiñas asadas, ovos). Este almorzo de sobras era más común no verán e non era raro que se comese no lugar en que se realizaban os labores propios da estación.

Como se apuntou más arriba, a información que encontramos no ALPI foi rexistrada de labradorees de poucos recursos residentes en aldeas e vilas de tamaño pequeno; polo tanto, os datos ofréccennos información sobre o réxime alimentario deste grupo social. O informante de Nigrán, provincia de Pontevedra, especifica que o almorzo *do pobre* consiste simplemente en caldo e dá conta doutro almorzo, que se pode supoñer restrinxido a clases con más recursos, en que o compango consistía en peixe ou bacallau. De maneira xeral non son moitas as diferenzas entre os compoñentes

do almorzo nos distintos lugares estudiados. Si que se observa que o peixe e as sardiñas son más comúns nas localidades de costa ou próximas (O Rosal, Nigrán, Meaño, Covas).

En oito localidades de Lugo, Pontevedra e Ourense⁵ rexistráronse formas derivadas do español *desayuno* ([deſa'uno], [deſa'jun̪o]) utilizadas para denominar a comida posterior á parva e previa ó xantar. Na vila ourensá de Rubiá e en Bueu o *desaúno* equivale á parva, comida tomada mesmo despois de erguerse da cama, e consiste nunha copa de augardente con pan.

Na localidade asturiana de Cuantas, concello de Ibias, o informante distingue catro comidas no día: a *parva* (patacas cocidas ou castañas con algo de graxa), o *almorzo* (*almorzar*; ás 12, caldo ‘potaxe con compago, pan e ovos’), a *merenda* (*merendar*; ás 6 en verán, papas de millo ou *fillolos*) e a *cea* (*cenar*; caldo de mediodía ou pan e leite). A diferenza do resto dos lugares do dominio, nesta aldea asturiana a voz *almorzo* utilízase para denominar a comida principal do día. Este rexistro é o único testemuño nos materiais analizados do cambio de denominación das comidas da xornada que se estaba a producir nalgúnhas das variedades romances peninsulares desde había varias décadas. O español *almuerzo* e o portugués *almoço* actuais son hoxe denominacións para a comida máis forte do mediodía, pero ata mediados de século nas zonas rurais eran empregados para darlle nome á comida que se facía no campo a media mañá ou á primeira comida día, como no galego actual. Os atlas lingüísticos testemuñan estes usos. Nos atlas peninsulares dirixidos por Manuel Alvar compróbase que o *almuerzo* se comía pola mañá e compoñíase nas terras castelás, leonesas e andaluzas de migas, pan con aceite, patacas con torresmos e en ocasións sardiñas (GONZÁLEZ TURNO, 2017).

⁵ En Lugo 114 (Covas), 116 (Ferreira), 118 (Guitiriz) e 121 (Palas de Rei); Pontevedra 131 (Vilanova de Arousa), 134 (Bueu) e 138 (Arbo); e en Ourense 147 (Rubiá).

A composición deste almorzo era similar tamén nas zonas do norte da península; no atlas etnográfico do País Vasco anótase que ata mediados de século nas zonas rurais a comida da mañá consistía en leite con tortas de millo ou en patacas cocidas con peixe ou carne de porco (BARANDIARÁN; MANTEROLA, 1990). Os materiais etnolingüísticos portugueses reunidos no *Inquérito Linguístico Boléo* confirman tamén que a mediados de século o *almoço* denominaba nos falares rurais de Portugal unha comida da mañá feita antes da comida principal de mediodía (HAMMERMÜLLER, 2001). Os materiais portugueses do ALPI dan conta deste uso de *almoço* nas zonas rurais na primeira metade do século pasado. Esta comida compoñíase de restos da comida do día anterior: caldo, patacas e algúns compango proteicos (carne, ovos, peixe); con todo advírtense diferenzas rexionais que merecen ser tratadas nun estudo independente.

Ademais da *parva* e do *almorzo* resulta de interese sinalar que en tres das localidades analizadas no noroeste peninsular (Aranga, Chantada e Puente de Rey) os informantes fan referencia a unha comida menor posterior ó almorzo e previa ó xantar de mediodía denominada *as dez*. Esta comida, composta por pan, patacas, queixo ou carne e viño, debía tomarse no lugar de traballo e era más común nos días longos de verán.

CONCLUSIÓN

Yakov Malkiel (1982; 1983) ó analizar a evolución fonética do español *almuerzo* comenta que existen dous condicionantes externos que influíron no cambio lingüístico que se produciu nas denominacións das comidas no mundo occidental nos dous séculos pasados. O primeiro respecta á extensión do sistema ríxido de tres comidas ó longo do día que supón a fixación de tres

dominacións diferenciadas e fixadas polos ritmos horarios laborais e pola xeneralización dos costumes alimentarios. O segundo factor que supón o filólogo ucraíno está vinculado coa postergación no horario da segunda comida do día, consecuencia do costume aristocrático de erguerse tarde pola mañá. De acordo coa proposta deste estudoso, este hábito estendeuse ó resto das clases sociais por imitación e supuxo, na maioría das linguas occidentais, un desprazamento do significado das denominacións das comidas e a aparición de novas formas (fr. *petit déjeuner/déjeuner*, it. *prima colazione/colazione*; port. europeo *pequeno almoço/almoço*). Nas variedades da lingua inglesa áinda hoxe é posible observar e rastrexar a complexidade desta mudanza de usos e significados das denominacións: a voz *dinner* (derivada do fr. medio *diner*, que comparte orixe co actual fr. *déjeuner*) pode usarse, dependendo da variedade, co significado de ‘primeira comida da mañá’, ‘comida principal do mediodía’ ou ben ‘comida tomada no final da tarde’ (OED, 2022, s.v. *dinner*)⁶.

Neste sentido, a información que ofrece o ALPI sobre a sociedade agraria rural da península a comezos do século XX ten un valor extraordinario. Nos datos analizados para o dominio galego observamos a distinción entre dúas denominacións principais, *parva* e *almorzo*, que eran de uso común e conservaban o valor etimolóxico inicial na maioría do territorio. Apréciase ademais indicios do inicio dunha mudanza: por unha banda comeza a difusión da voz *desayuno* do español, moi difundida na actualidade, como substituto de *almorzo*; por outra, nas localidades más próximas ó dominio das variedades do español rexístrase un uso de *almorzo* para denominar a comida principal do día.

⁶ O dialectólogo francés Dauzat (1940) estudou un desprazamento semellante para o francés, áinda testemuñado hoxe nas variedades rexionais (THIBAULT, 2018).

Con respecto ós hábitos alimentarios, evidénciase o atraso na extensión do consumo de bebidas quentes como o café, que hoxe se consideran comúns e están xeneralizadas por todo o mundo. No ámbito rural investigado no ALPI, no primeiro terzo do século pasado, a composición do almorzo era a propia dunha sociedade agraria tradicional que áinda non se vira afectada polo influxo dos costumes urbanos que se estenderan por toda Europa xa desde inicios do século XIX. Aínda que xa nas primeiras décadas do século XX comezaran os movementos internos de poboación cara a núcleos urbanos, en España e en Portugal estes fluxos non terían repercusións importantes ata despois dos anos cincuenta. Para unha parte importante da poboación a industrialización e a urbanización áinda non comezaran a supoñer consecuencias directas sobre a unificación do emprego do tempo e en consecuencia sobre a normalización dos horarios das comidas. Da *parva* e o *almorzo* pasaríase a un único almorzo (*desayuno, pequeno-almoço*) e da copa de augardente e os restos da cea do día anterior ó café con leite acompañado dunha torrada de pan ou dunhas culleradas de cereais procesados. Como sentencia Anderson (2013), o almorzo pasou de ser unha comida bruta de campesiños a unha comida universal para todas as clases sociais.

REFERENCIAS

- ÁGUILA ESCOBAR, Gonzalo. La vida cotidiana andaluza a través del ALEA. In: MONToya RAMÍREZ, M. I. (org.). **La vida cotidiana andaluza a través de los documentos con valor historicolingüístico y dialectal**. Granada: Editorial Universidad de Granada, 2006. p. 263-282.
- ANDERSON, Heather Arndt. **Breakfast**. A history. Lanham: AltaMira Press, 2013.
- BARANDIARAN, J. M. de; MANTEROLA, A. (eds.). **La alimentación doméstica en Vasconia**. Bilbao: Instituto Labayru Ikastegia, 1990.

CASTRO, Xavier. **A lume manso.** Estudios sobre historia social da alimentación en Galicia. Vigo: Galaxia, 1998.

COROMINAS, Joan / PASCUAL, José A. **Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico.** 2. ed. Madrid: Gredos, 1987.

DAUZAT, Albert. Dejeuner, diner, souper. In: CHASTEL, André; BATAILLON, Marcel; ROQUES, Mario (eds.). **Mélanges d'histoire littéraire de la renaissance offerts à Henri Chamard par ses collègues, ses élèves et ses amis.** Paris: Nizet, 1940. p. 59-66.

FERNÁNDEZ-ORDÓÑEZ, Inés. Contribuciones de Ramón Menéndez Pidal al estudio del catalán. Del I Congrés Internacional de la Llengua Catalana al Atlas Lingüístico de la Península Ibérica. In: PEREA SABATER, M. P. (ed.).

Reflexos i projeccions: El Primer Congres Internacional de la Llengua Catalana. Barcelona: PPU, 2006. p. 172-202.

FLANDRIN, Jean-Louis. Les heures des repas en France avant le XIXe siècle. In: SABBAN, F.; GRIGNON, C.; AYMARD, M. (ed.). **Le temps de manger:** Alimentation, emploi du temps et rythmes sociaux. Paris: Éditions de la Fondation Maison des Sciences de l'Homme, 1993. p. 197-226.

GARCÍA ARIAS, Xosé Luis. **Diccionario General de la Lengua Asturiana.** Oviedo: Editorial Prensa Asturiana S.A.; La Nueva España, 2004-2022.

GARCÍA MOUTON, Pilar. Dialectología y cultura popular. Estado de la cuestión. **Revista de Dialectología y Tradiciones Populares**, v. 42, p. 49-73, 1987.

GONZÁLEZ TURNO, Isabel. **Comida de rico, comida de pobre:** los hábitos alimenticios en el occidente andaluz (siglo XX). Sevilla: Universidad de Sevilla, 2017.

GRATALOUP, Christian. **Le monde dans nos tasses:** Trois siècles de petit déjeuner. Paris: Armand Colin, 2017.

HAMMERMÜLLER, Gunther. Alguns também chamam ao jantar merenda. Designação e repartição das refeições diárias em Portugal segundo os materiais do I.L.B. In: CONGRESSO DA ASSOCIAÇÃO INTERNACIONAL DE LUSITANISTAS, 6., 1999, Rio de Janeiro. **Actas [...].** Rio de Janeiro: Lusitanistas AIL Press, 1999. Disponible en liña: <https://lusitanistasail.press/index.php/ailpress/catalog/book/28>. Acceso en: 20 jun. 2020.

JABERG, K.; JUD, Jakob. **Sprach- und Sachatlas Italiens und der Südschweiz.** Zofingen: Ringier, 1928-1940.

JANKOWSKI, Bridget L.; TAGLIAMONTE, Sali A. Supper or dinner? English World-Wide. **A Journal of Varieties of English**, v. 40, n. 2, p. 170-201, 2019.

MALKIEL, Yakov. Los dos núcleos de almuerzo/almorzar: el latino y el prelatino. In: WINKELMANN, O.; BRAISCH, M. (eds.). **Festschrift für Johannes Hubschmid zum 65 Geburtstag**: Beiträge zur allgemeinen, indogermanischen und romanischen Sprachwissenschaft. Bern / München: Francke, 1982. p. 961-984.

MALKIEL, Yakov. Some Second and Third Thoughts on Luso-Hispanic Almuerzo/Almôço 'Lunch', with Special Attention to Older Sp. Yantar/Ptg. Jantar 'Dinner'. **Romance Philology**, v. 36, n. 3, p. 393-403, 1983.

MATS, Essemeyr. Pratiques alimentaires : le temps et sa distribution. Une perspective d'histoire économique. In: SABBAN, F.; GRIGNON, C.; AYMARD, M. (eds.). **Le temps de manger: Alimentation, emploi du temps et rythmes sociaux**. Paris: Éditions de la Fondation Maison des Sciences de l'Homme, 1993. p. 139-148.

MENÉNDEZ PIDAL, Ramón. Sobre los límites del Valenciano. In: ALCOVER I SUREDA, Antoni Maria (ed.). **Primer Congrés Internacional de la Llengua Catalana**: Barcelona octubre de 1906. [s.l.]: Estampa d'En Joaquim Horta, 1908. p. 340-344.

NAVARRO TOMÁS, Tomás (dir.); BORJA MOLL, Francesc de; ESPINOSA, Aurelio M.; LINDLEY CINTRA, Luís F.; NOBRE DE GUSMÃO, Armando; OTERO, Aníbal; RODRÍGUEZ CASTELLANO, Lorenzo; SANCHIS GUARNER, Manuel. **Atlas Lingüístico de la Península Ibérica**: Fonética. Madrid: CSIC, 1962.

NAVARRO TOMÁS, Tomás. Noticia histórica del ALPI. In: NAVARRO TOMÁS, T. (ed.). **Capítulos de geografía lingüística de la Península Ibérica**. Bogotá: Instituto Caro y Cuervo, 1975. p. 9-21.

OED. **Oxford English Dictionary**. Oxford: Oxford University Press, 2022. Disponible en línea: <https://www.oed.com/>. Acceso en: 12 may. 2022.

PÉREZ PASCUAL, J. A. **Los primeros pasos de un largo caminar**. Los comienzos del Atlas lingüístico de la Península Ibérica. San Millán de la Cogolla: Cilengua, 2016.

POULAIN, Jean-Pierre (ed.). **Dictionnaire des cultures alimentaires**. Paris: PUF, 2012.


RODRÍGUEZ BAIXERAS, Xavier. **Do abadexo á zorza**. Dicionario da comida galega. Allariz: Aira, 2018.

SANTAMARINA, Antón. **Dicionario de dicionarios**. 2006. Dispoñible en liña: <http://ilg.usc.gal/ddd/>. Acceso en: 11 may. 2022.

SOUZA, Xulio. El Atlas Lingüístico de la Península Ibérica y el gallego del siglo XX. In: MOLINA MARTOS, I.; GARCÍA MOUTON, P. (ed.). **Geolingüística en la Península Ibérica**. Madrid: CSIC, 2022. p. 55-70.

THIBAULT, André. **Le midi, vous déjeunez ou vous dînez?**: Français de nos régions. 2018. Dispoñible en liña: <https://francaisdenosregions.com/2018/04/03/le-midi-vous-dejeunez-ou-vous-dinez/>. Acceso en: 10 jun. 2022.

TISATO, Graziano G. **NavigAIS - AIS Navigator**. Dispoñible en liña: <https://navigais-web.istc.cnr.it/>. Acceso en: 4 abr. 2022.



*Vanderci de Andrade Aguilera
Fabiane Cristina Altino
Conceição de Maria de Araújo Ramos*

■ ORGANIZADORAS

ESTUDOS DIALETAIS BRASILEIROS E EUROPEUS:

uma homenagem a João Saramago

Volume 2

João Saramago é um açoriano militante e um corvino dedicado, com uma permanente participação nos mais diversos aspetos culturais do seu arquipélago e da sua ilha. Publicou cerca de duas dezenas de artigos ou capítulos de livro sobre os Açores, entre os quais uma mão-cheia sobre o Corvo. Realizou o primeiro estudo dialetométrico aplicado a materiais do arquipélago. O ponto principal na produção científica de João Saramago são, pois, os estudos açorianos, sob várias perspetivas, mas existem outros dois tão ou mais importantes: a atualização metodológica da dialetologia do português, por um lado, e a *expertise* em geografia linguística (particularmente atlas linguísticos), por outro.

Fernando Brissos



ESTUDOS DIALETAIS BRASILEIROS E EUROPEUS:

*uma homenagem a
João Saramago*

Volume 2



**UNIVERSIDADE FEDERAL
DE MATO GROSSO DO SUL**

Reitor

Marcelo Augusto Santos Turine

Vice-Reitora

Camila Celeste Brandão Ferreira Ítavo

Obra aprovada pelo

CONSELHO EDITORIAL DA UFMS

Resolução n° 153-COED/AGECOM/UFMS, de 24 de outubro de 2022.

CONSELHO EDITORIAL

Rose Mara Pinheiro (presidente)

Adriane Angélica Farias Santos Lopes de Queiroz

Andrés Batista Cheung

Alessandra Regina Borgo

Delasnieve Miranda Daspet de Souza

Elizabete Aparecida Marques

Maria Lígia Rodrigues Macedo

William Teixeira

Dados Internacionais de Catalogação na Publicação (CIP)
(Coordenadoria de Bibliotecas – UFMS, Campo Grande, MS, Brasil)

Estudos dialetais brasileiros e europeus [recurso eletrônico] : uma homenagem a João Saramago : volume 2 / organizadoras, Vanderci de Andrade Aguilera, Fabiane Cristina Altino, Conceição de Maria Araújo Ramos. -- Campo Grande, MS : Ed. UFMS, 2022.
295 p. : il. color.

Dados de acesso: <https://repositorio.ufms.br>
Volume 2: Estudos lexicais
ISBN 978-65-89995-03-6

1. Linguística – Estudo e ensino. 2. Diatelogia. 3. Linguística - Atlas. I. Aguilera, Vanderci de Andrade. II. Altino, Fabiane Cristina. III. Ramos, Conceição de Maria Araújo.

CDD (23) 410.7

Bibliotecária responsável: Tânia Regina de Brito – CRB 1/2.395

*Vanderci de Andrade Aguilera
Fabiane Cristina Altino
Conceição de Maria de Araújo Ramos*
ORGANIZADORAS

ESTUDOS DIALETAIS BRASILEIROS E EUROPEUS:

*uma homenagem a
João Saramago*

Volume 2

Campo Grande
2022



Projeto Gráfico, Editoração Eletrônica
Secretaria da Editora UFMS

A revisão linguística e ortográfica
é de responsabilidade dos autores e das organizadoras

ESTUDOS DIALETAIS BRASILEIROS E EUROPEUS: UMA HOMENAGEM A JOÃO SARAMAGO
VOLUME 2 – ESTUDOS LEXICAIS

Organizadoras

Vanderci de Andrade Aguilera • Fabiane Cristina Altino • Conceição de Maria de Araújo Ramos

Apresentação

Felício Wessling Margotti

Autores

Abdelhak Razky • Aparecida Negri Isquierdo • Conceição de Maria de Araújo Ramos • Eliane Oliveira da Costa • Elisabetta Carpitelli • Fabiane Cristina Altino • José de Ribamar Mendes Bezerra • Luan Costa dos Santos • Manuel González González • Maranúbia Pereira Barbosa Doiron • Marilucia Barros de Oliveira • Michel Contini • Regis José da Cunha Guedes • Rosario Álvarez • Silvana Soares Costa Ribeiro • Theciana Silva Silveira • Valter Pereira Romano • Vanderci de Andrade Aguilera • Xulio Sousa

Direitos exclusivos
para esta edição



Secretaria da Editora UFMS
Av. Costa e Silva, s/nº | Bairro Universitário
Campo Grande - MS, 79070-900
Fone: (67) 3345-7203
e-mail: sedit.agecom@ufms.br

Editora associada à



Associação Brasileira
das Editoras Universitárias

ISBN: 978-65-89995-03-6
Versão digital: novembro de 2022.



Este livro está sob a licença Creative Commons, que segue o princípio do acesso público à informação. O livro pode ser compartilhado desde que atribuídos os devidos créditos de autoria. Não é permitida nenhuma forma de alteração ou a sua utilização para fins comerciais. br.creativecommons.org

PREFÁCIO

João António das Pedras Saramago nasceu em 1952 no município do Corvo, uma minúscula ilha dos Açores, situada a cerca de dois mil km da capital portuguesa. Do alto de suas montanhas rochosas, o horizonte desse lugar tem somente as águas do Atlântico a oferecer. Quis o destino que os sonhos desse ilustre ilhéu corvino não ficasse confinados a um território restrito a 17,2 km². Concluídos os primeiros anos de estudo, abalou-se para terras continentais onde, em 1976, licenciou-se em Filologia Românica pela Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa, instituição na qual passou a trabalhar como pesquisador e professor. Dois anos depois, para fins de progressão na carreira, concluiu seu doutoramento com a tese “A ilha do Corvo – alguns aspectos linguísticos”, aprovada com distinção e louvor. A trilha estava então traçada, e a Dialetologia estabeleceu-se definitivamente na vida de João Saramago, seja na pesquisa, seja na docência. Vinculado ao Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (CLUL), é atualmente a principal referência nos estudos dialetológicos e geolinguísticos de Portugal.

Brilhante nos trabalhos e nos estudos científicos que faz, é, com certeza, o corvino mais instruído e mais culto de que se tem notícia. Simples e humilde, visita com frequência a sua terra natal, onde é recebido e benquisto por seus familiares e conterrâneos. Curioso e sedento de conhecimentos etnolinguísticos, gosta de ter

contato com as pessoas simples, conversar com elas e saber das coisas e fazeres do dia a dia, na cidade e no campo, nas lojas e mercados diversos, nos restaurantes e botecos, na roça, nas indústrias familiares, nos ranchos dos pescadores, enfim com toda gente, de onde busca informações e elementos para suas pesquisas sobre as variedades dialetais, os diferentes modos de falar a língua portuguesa, sua paixão permanente.

Entre as muitas atividades, é o atual coordenador do *Atlas Linguístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza*. O ALEPG, iniciado em 1970 por uma equipe dirigida por Luís F. Lindley Cintra, constitui-se de 212 pontos, assim distribuídos: 176 no continente português; 12 na Espanha, na área fronteiriça; sete no Arquipélago da Madeira; e 17 no Arquipélago dos Açores. Como parte desse projeto mais amplo, tem-se o *Atlas Linguístico-Etnográfico dos Açores* (ALEAç), com participação de João Saramago desde 1994. Embora não tenha havido a pretensão de abordar de um modo amplo as realidades linguísticas e etnográficas dos Açores, o ALEAç contempla as especificidades linguísticas nas nove ilhas do arquipélago. Com base em dados recolhidos pelo ALEPG, parte das cartas semântico-lexicais do ALEAç foram elaboradas por João Saramago, sobretudo as relacionadas à criação de gado, à suinicultura, à moagem de cereais, às plantas, à agricultura, às abelhas e à caça, além de algumas outras cartas sobre aspectos morfológicos.

João Saramago é também membro da equipe de dialetólogos e diretor-adjunto do *Atlas Linguistique Roman* (ALiR), que se iniciou em 1987, por iniciativa de Gaston Tuailly e Michel Contini, e tem a sua sede no Centre de Dialectologie da Université Stendhal de Grenoble, na França. Esse projeto está estruturado em 10 comités (português, galego, espanhol, catalão, francês, valão, suíço, italiano, romeno e moldavo) que integram especialistas de 31 universidades ou centros de investigação dos vários países participantes. Portugal

está representado por uma rede de 110 pontos de inquérito, dos quais 10 são no Arquipélago dos Açores e quatro no Arquipélago da Madeira. Os dados dialetais do português foram coletados e sistematizados pelo comitê português vinculado ao Grupo de Estudos de Dialetologia do Centro de Linguística da Universidade de Lisboa, constituído por Luísa Segura (coordenadora), Gabriela Vitorino, Manuela Barros Ferreira, João Saramago, Maria Lobo, Ernestina Carrilho e Celeste Augusto.

Há ainda outros atlas linguísticos e projetos de investigação dialetal que contam com a participação do homenageado neste livro, entre os quais citam-se o *Atlas Linguarum Europae* (ALE), o *Atlas Linguístico do Litoral Português* (ALLP) e projeto *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Português*, de cujo Comitê Português João António das Pedras Saramago é o coordenador.

Entre muitas outras atividades relacionadas à área de conhecimento em que atua, o homenageado neste livro, organizado por Vanderci de Andrade Aguilera (UEL), Fabiane Cristina Altino (UEL) e Conceição de Maria de Araújo Ramos (UFMA), colaborou com a IBM Portuguesa na “Descrição exaustiva de formas pronominais clíticas hifenadas adequadas a cerca de 5500 verbos”, na “Análise lexicográfica de um ficheiro de vocabulário” com vista à sua correção, nomeadamente através da introdução e suspensão de entradas lexicais e sua classificação gramatical, e na elaboração de um dicionário de sinônimos. Tem atuado em várias Universidades, portuguesas e estrangeiras, em cursos de dialetologia portuguesa; na orientação de trabalhos acadêmicos de alunos de diferentes níveis; e em bancas de dissertações de mestrado e teses de doutorado. É autor ou coautor de vasta obra científica distribuída por livros, artigos e comunicações em eventos científicos em Portugal e em outros países, bem como de alguns trabalhos que versam sobre os Açores. Colaborou na “Enciclopédia Açoriana”, que presentemente pode ser

consultada na Internet, e possui uma obra vastíssima de trabalhos sobre temas diversos.

A descrição de toda a sua obra literária, científica e acadêmica – em livros, artigos, comunicações, participações em obras e traduções e em eventos, além da formação de novos dialetólogos e geolinguistas – revelaria com profundidade e justiça a grandeza do trabalho e a competência de João Saramago no que diz respeito aos estudos dialetais, tanto os de interesse mais amplo sobre a língua portuguesa falada no território continental português quanto os de interesse mais restrito às ilhas do Arquipélago dos Açores, ao Brasil e a outros países.

Os dois volumes deste livro, que tratam dos estudos dialetais brasileiros e portugueses, com as contribuições de mais de duas dezenas de especialistas nessa área de conhecimento, são uma justa e merecida homenagem ao dialetólogo e geolinguista João Saramago, por ocasião do *VI Congresso Internacional de Dialetologia e Sociolinguística* – VI CIDS, realizado em 2022, na cidade de Campo Grande – MS, Brasil.

SUMÁRIO

PREFÁCIO	5
APRESENTAÇÃO	13
<i>Felício Wessling Margotti</i>	
Um Estudo sobre as Variantes Lexicais para <i>Lanterna</i> Registradas pelo ALiB	23
<i>Fabiane Cristina Altino</i>	
<i>Vanderci de Andrade Aguilera</i>	
Xoaniña, Voa Voa. Os Nomes da Coccinella en Galego.....	53
<i>Rosario Álvarez</i>	
Les Designations de la Vrillette Dans les Domaines Italo-Roman et Sarde.....	83
<i>Michel Contini</i>	
<i>Elisabetta Carpitelli</i>	
O Fantástico Voo da Libélula: um estudo da motivação na criação lexical em designações registradas no ALEAL, ALiB, ALiR e ALEPG.....	127
<i>Maranúbia Pereira Barbosa Doiron</i>	

Os Nomes da <i>Vacaloura</i> en Galego.....	149
<i>Manuel González González</i>	
Denominações para “Corre-Cutia”, “Lenço-Atrás” e “Chicotinho-Queimado” na Área do <i>Falar Sulista</i> (NASCENTES, 1953) – dados do ALiB.....	169
<i>Silvana Soares Costa Ribeiro</i>	
<i>Aparecida Negri Isquierdo</i>	
O Que Se Vende nas Feiras e Supermercados Paraenses: <i>abóbora ou jerimum?</i>	195
<i>Marilucia Barros de Oliveira</i>	
<i>Luan Costa dos Santos</i>	
O Português D’Aquém e D’Além-Mar: o que mostram os dados do ALiMA e do ALEAç.....	213
<i>Conceição de Maria de Araujo Ramos</i>	
<i>José de Ribamar Mendes Bezerra</i>	
<i>Theciana Silva Silveira</i>	
Agrupamentos Lexicais do Item <i>Cigarro de Palha</i> nas Não Capitais do Atlas Linguístico do Brasil (ALiB).....	237
<i>Abdelhak Razky</i>	
<i>Eliane Oliveira da Costa</i>	
<i>Regis José da Cunha Guedes</i>	
Contribuições do Projeto ALiB para a Caracterização de Áreas Lexicais: o caso da <i>sapata</i> e <i>amarelinha</i> na região sul do Brasil.....	253
<i>Valter Pereira Romano</i>	

Palabras e comidas no <i>Atlas Lingüístico de la Península Ibérica</i> : a <i>parva</i> e o <i>almorzo</i>	271
<i>Xulio Sousa</i>	
Sobre os Autores	291

